

## **Premios de comunicación turística Terras de Pontevedra.**

A Mancomunidade Terras de Pontevedra, mediante o Convenio de Colaboración coa Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia, promoveu os “Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra” coa finalidade de dar a coñecer o patrimonio turístico das Terras de Pontevedra, a través das ferramentas de comunicación máis novidosas e innovadoras, e coa implicación e participación de centros galegos de ensino de Bacharelato, FP, Ensinanzas Artísticas Superiores e a Universidade e dos seus estudantes. Impartíronse un total de 17 sesións formativas sobre recursos turísticos, creación audiovisual e redes sociais en 6 centros de ensino diferentes.

Dos 73 traballos presentados aos premios, 14 foron microvídeos e os 59 restantes participaron na categoría de post, repartidos todos eles entre participacións a modo individual ou ben polos centros de estudos (6) nos que participaron un total de 12 clases diferentes.

Unha vez finalizada a fase de votación popular na que se contabilizaron un total de 2.163 votos, os **participantes finalistas** de cada unha das categorías foron

### **Categoría de microvídeos**

Pedro Tizón Otero con 373 votos

Francisco Ferreirós Rodríguez con 314 votos

María Cardama García con 147 votos

### **Categoría de post**

Clase de 1C do IES A Xunqueira I (representada por J.M. Castro Poceiro) con 171 votos,

Paula Balvís Quintáns con 167 votos

Sandra Querubin Carlin con 153 votos

Na seguinte ligazón pódense visionar todos traballos presentados aos premios podéndose ordenar a listaxe polos máis votados:

<https://premium.easypromosapp.com/entries/815364/sort:votes/direction:desc>



Logo de analizados os traballos finalistas de cada unha das categorías, e tendo en conta diversos aspectos como a creatividade e orixinalidade dos traballos, a adecuación temática no referente á posta en valor do patrimonio turístico das Terras de Pontevedra nos ámbitos da arte rupestre, as praias, a cultura, a artesanía, os recursos naturais, a arte, a gastronomía, etc. dos concellos que forman parte da Mancomunidade, así como claridade, potencia e impacto da mensaxe, xunto coa calidade técnica e compositiva reflectida nos traballos, o xurado elixiu como

### Gañador da categoría de microvídeos

Pedro Tizón Otero estudante do Grao de Comunicación Audiovisual e maior de 18 anos

### Gañador da categoría de post

Clase de 1C do IES A Xunqueira I, representada por J.M. Castro Poceiro cun traballo realizado por Isaac Gulías Otero

Ambos gañadores serán recompensados con un premio de 500€ coa correspondente retención dos impostos.



Pedro Tizón Otero  
10/11/2017 11:07

373 VOTOS




Francisco Ferreirós Rodríguez  
09/11/2017 11:32

314 VOTOS



**Maria Cardama Garcia**  
10/11/2017 13:06

**147** VOTOS



**Joaquín Manuel Castro Poceiro**  
16/11/2017 13:27

**171** VOTOS



Paula Balvis Quintáns  
04/11/2017 16:42

167 VOTOS



Sandra Querubin Carlin  
07/11/2017 13:40

153 VOTOS